

CEIP XOÁN DE REQUEIXO
MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN
2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO 2019-20

Como consecuencia da pandemia que estamos a vivir, a partir do día 13 de marzo foinos imposible volver ás aulas polo que se fixo necesario elaborar unha adaptación da programación presentada ao principio deste curso.

En dita programación terase en conta a situación excepcional na que se atopan os alumnos e alumnas así como os recursos dos que dispoñen para traballar de xeito non presencial. Os mestres facemos un seguimento dos alumnos e alumnas e mantemos contacto coas familias.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre , recuperación, reforzo, repaso e no seu caso, ampliación.
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Aplica os contidos adquiridos nos dous primeiros trimestres que se poderían resumir nos seguintes: le e ordena números ata o 999 identificando o valor posicional das súas cifras (centenas, decenas e unidades), realiza series numéricas tanto ascendentes como descendentes, realiza cálculos con sumas e restas sen levar e levando, iníciase na multiplicación, cálculo mental e resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

ÁREAS DE LINGUAS (LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA)

Le e comprende textos sinxelos adaptados á súa idade así como aplica as regras ortográficas adquiridas (uso de maiúsculas, uso de m antes de p e b, uso de c e z, c e qu, r suave e r forte...) na creación de diferentes tipos de textos (cartas, invitacións, carteis, contos, descricións...) tamén diferencia as sílabas que forman unha palabra, o seu xénero e número)

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS

Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural, valora e aplica usos responsables da auga tanto na escola coma no seu fogar, reduce, reutiliza e recicla residuos. Explica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes, identifica algún minerais

e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan así como o coñecemento dos planetas que forman o Sistema Solar.

Por outro lado, relaciona o exercicio físico , o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde identificando os alimentos diarios necesarios.

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo son:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEL)

As Competencias Clave son un elemento que vai ter moita influencia nos contidos, na avaliación e tamén na metodoloxía empregada.

Para unha adquisición eficaz das competencias clave e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades que permitan ao alumnado avanza cara os resultados de aprendizaxe en varias competencias á vez.

En canto aos

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE, manteranse os da programación presentada ao principio de curso, xa que neste 3º trimestre, traballaremos actividades de reforzo , repaso e recuperación deixando a criterio das familias , a ampliación dos contidos traballados ao longo do 1º e 2º trimestres.

2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua permitindo así incorporar medias de reforzo e repaso en función das necesidades que vaian aparecendo e garantir así a adquisición das aprendizaxes necesarias para continuar o proceso de ensinanza/aprendizaxe.

A avaliación do 3º trimestre terá un carácter diagnóstico e informativo.

A avaliación final determinará o grao de adquisición dos obxectivos e das competencias clave traballadas ata ese momento.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O claustro do CEIP Xoán de Requeixo, nunha reunión mantida o 15/05/2020 por medio de videoconferencia acordou por unanimidade calificar ao alumnado de Educación Primaria con 1 punto extra polo traballo desenvolvido no 3º trimestre . EN NINGÚN CASO, puntuará negativamente que o alumnado non realice as tarefas.

Para concretar, o procedemento que utilizaremos será o seguinte:

- Entrega e realización das tarefas propostas: 0,75 puntos.
- Motivación e actitude positiva cara o traballo proposto: 0,25 puntos.

INSTRUMENTOS

Tarefas que nos van entregando as familias do alumnado por correo electrónico, whatsapp e por outros medios.

CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final será a media da 1ª e 2ª avaliacións, podendo obter a maiores polo traballo realizado na 3ª avaliación 1 punto máis.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As actividades do 3º trimestre serán de repaso, reforzo , recuperación e, a criterio das familias, de ampliación dos contidos traballados con anterioridade.

En canto á **METODOLOXÍA**, dicir que as tarefas se distribuirán centrándonos nas áreas de Linguas e Matemáticas .

MATERIAIS E RECURSOS

Fichas del distintas páxinas de internet, material proporcionado polas editoriais, propostas feitas polos titores...

4. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

As familias serán informadas mediante whatsapp, correo electrónico e teléfono.

PUBLICIDADE

Esta modificación da programación será publicada na páxina web do centro.

Chantada, 22-05-2020

AS TITORAS DE 2º A E 2º B